



Memoria de Actividades 2012

autismoGALICIA



Estimados amigos e amigas:

Presentámosvos neste documento a Memoria de Actividades de 2012 da Federación Autismo Galicia, na que como cada ano facemos repaso dos proxectos que levamos a cabo e avaliamos o cumprimento dos obxectivos que nos fixamos no plan estratéxico.

A actividade de Autismo Galicia veu marcada neste ano principalmente polo reforzo nas actividades de respiro familiar co obxectivo de complementar os servizos das entidades da Federación e polas novidades na área de emprego, coa incorporación de ferramentas de traballo interactivas. Tamén continuamos formando a profesionais e familiares e ampliando a nosa carteira de cursos co apoio e confianza das institucións públicas.

Esforzámonos en lograr a incorporación das novas tecnoloxías ao noso día a día, apoiándonos nas posibilidades que ofertan para a racionalización e maior eficiencia do traballo. Dunha banda a través de ferramentas de comunicación entre entidades e doutra coa presenza en redes de comunicación externa para a visibilización dos trastornos do espectro do autismo.

Cabe destacar tamén que, ao longo do ano, constatamos unha crecente demanda de información e atención por parte de familias e profesionais, pero tamén un aumento das persoas interesadas en informarse sobre o autismo e o noso labor, e ambas cousas nos animan para seguir o noso camiño cara á normalización e a inclusión social.

No plano político lembraremos 2012 como o ano en que, por primeira vez en España, as persoas con discapacidade, familiares, amigos, entidades e profesionais saímos á rúa xuntos para defender os nosos dereitos na marcha *SOS Discapacidade – Inclusión, dereitos e benestar a salvo*.

Nesta ocasión coma noutras, as entidades sociais unimos os nosos esforzos e compartimos as nosas metas, pois estamos convencidos de que o traballo conxunto é a vía principal pola que debemos avanzar para seguir sendo eficaces na prestación de servizos e evolucionar cara unha maior eficiencia no uso dos recursos.

Nun momento tan inestable como o que vivimos, é o tempo de apoiar con mais forza aínda ás entidades e ás familias e de traballar de forma coordinada na mesma dirección, porque esa será a única forma de saír adiante.

Non quixera despedirme sen agradecer aos excelentes profesionais que forman Autismo Galicia e as súas entidades o seu labor e dedicación, que será clave para abordar os retos futuros.

Recibide un cordial saúdo

Antonio de la Iglesia Soriano
Presidente de Autismo Galicia

ÍNDICE

1 A Federación Autismo Galicia.....	7
2 Programas de actividades.....	17
3 Relaciones institucionais e participación en redes.....	39
4 A Federación Autismo Galicia en cifras.....	45

1 A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

1.1 A Federación Autismo Galicia (1995-2012)..... 9

1.2 Es entidades que forman a Federación..... 14



1.1 A Federación Autismo Galicia (1995-2012)

Nada en 1995, Autismo Galicia, é unha federación que engloba as fundacións e asociacións de pais, nais, de titores e de profesionais, protectoras de persoas con Trastornos do Espectro do Autismo (TEA) da Comunidade Autónoma de Galicia.

É unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co número 95, declarada de utilidade pública por resolución de 18 de febreiro de 2003 e acollida ao réxime fiscal das entidades sen fins de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenado regulado na Lei 49/2002 de 23 de decembro.

A nosa misión é mellorar a calidade de vida das persoas con TEA e das súas familias. Os destinatarios dos nosos servizos son as entidades galegas que desenvolven o seu labor con estas persoas.

A Federación constitúe un referente técnico no deseño de políticas de inclusión social e un referente informativo para facer visible a realidade das persoas con TEA e das súas familias.

Promovemos o consenso nos obxectivos e liñas de actuación entre as entidades que traballan no ámbito do autismo en Galicia, ás que prestamos servizos complementarios cun estilo que fomenta a participación, a transparencia, a solidariedade e o exercicio democrático.

Autismo Galicia basea a súa actuación nos principios de transparencia informativa, participación, solidariedade, igualdade e democracia interna.

Os **valores** que defendemos son:

- Consideración da persoa con TEA como suxeito con dereitos e deberes en igualdade de condicións ao resto das persoas.
- Calidade total nas entidades e servizos.
- Importancia da familia en todos os programas orientados á intervención coas persoas con TEA.
- Necesidade de colaboración entre profesionais e familias para un funcionamento eficiente e de calidade das entidades.

A Federación persegue os seguintes **fins**:

- Servir de nexo de unión entre as distintas entidades e organizacións membros.
- Defender a dignidade e os dereitos das persoas con autismo.

- Coordinar cantas accións e iniciativas sexan precisas para a obtención de recursos a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia, das Comunidades Europeas e doutros organismos e federacións estatais ou internacionais que redunden en beneficio das entidades e organizacións membros.
- Promover a integración social e a normalización das persoas con autismo.
- Fomentar actitudes sociais positivas cara ás persoas con autismo.
- Crear as condicións para que as asociacións membros poidan desenvolver servizos e programas que melloren a calidade de vida das persoas con autismo e as súas familias.
- Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo con criterios de solidariedade, promovendo unha imaxe común da federación.
- Ofrecer ás entidades membros servizos de asesoramento e desenvolver programas de formación para técnicos e familias.

Autismo Galicia, coordina accións e iniciativas precisas para a obtención de recursos públicos e privados que redunden en beneficio das entidades membro, sendo ademais portavoz destas en distintos foros de intervención.

Autismo Galicia desenvolve **proxectos** que redundan na mellora da calidade de vida das persoas con TEA:

- Promoción do emprego real e efectivo das persoas con TEA e as súas familias: integración e orientación laboral.
- Programas para a muller, voluntariado, ocio e tempo libre, respiro familiar, formación a familiares coidadores, xornadas de autoapoio para familias, respiro familiar e ocio mediante organización de campamentos.
- Orientación e asesoramento a familias: atendemos cantas demandas se nos presentan de familias afectadas, achegamos a información inicial e facemos as derivacións oportunas.
- Formación interna e externa, promoción da investigación e divulgación formativa.
- Sensibilización, difusión, información: temos publicacións periódicas e participamos en todos os foros precisos para a difusión das necesidades e avances no eido dos TEA.
- Comunicación externa e interna.

As accións da Federación desenvólvense conforme aos criterios de calidade e transparencia.

O equipo de Autismo Galicia


Órganos de Goberno

Asemblea Xeral: é o máximo órgano de goberno da Federación e está formada por representantes das dez entidades membro.

Xunta Directiva: é a quen lle corresponde a administración da Federación. O Presidente desta Xunta e da Federación é o seu representante legal e quen dirixe as asembleas.

A formación da Xunta Directiva é a seguinte:

Presidente: Antonio de la Iglesia Soriano
Vicepresidente: Cipriano Jiménez Casas
Secretario: Fernando Domínguez González
Tesoureiro: José Antonio García Villar



Organización Operativa

Son os departamentos nos que se organiza o traballo diario da entidade e están dirixidos por profesionais especializados. Cada área desenvolve proxectos propios e colabora coas demais en proxectos transversais:

Emprego e Formación

A Área de Emprego e Formación traballa pola integración laboral das persoas con TEA e polo seu recoñecemento como suxeitos activos na sociedade para a súa plena integración e aumento da calidade de vida. Desenvolve funcións de asesoramento e orientación laboral, información ás empresas sobre as posibilidades de contratar a un traballador con discapacidade e creación de ferramentas que propicien a inserción laboral das persoas con TEA.

Tamén se encarga da formación especializada impartida desde Autismo Galicia, en temas de coñecemento e atención ás persoas con TEA, voluntariado, ocio e tempo libre e xestión entre outros.

Apoio ao Colectivo

A Área de Apoio ao Colectivo é, xunto con Emprego, o departamento enfocado mais directamente á mellora práctica das condicións de vida das persoas con TEA. O seu obxectivo primordial é a inclusión social plena e satisfactoria a través de actividades de descanso e ocio adaptadas ás súas necesidades específicas. Ademais, é o departamento encargado de prestar asesoramento e formación a familias.

Outro importante cometido desta área é o seu traballo coas persoas que buscan un achegamento ao colectivo de persoas con TEA, ben sexan voluntarios, docentes, profesionais sanitarios ou calquera persoa con dúbidas sobre os trastornos.

Proxectos e Convenios

Desenvolve os proxectos comezando pola análise das necesidades propias e do colectivo destinatario, valora a súa viabilidade dentro do contexto socioeconómico, elabora os proxectos, busca dotación económica, coordina ás diferentes áreas que participan en cada proxecto, supervisa a súa execución e avalía os resultados obtidos de cara a manter a máxima calidade posible.

Tamén está a estudar continuamente novas vías de financiamento que doten á entidade de maiores recursos e autonomía.

Comunicación e Organización

No sector asociativo actual, non basta con realizar proxectos para mellorar a vida das persoas, é necesario dar a coñecer esas accións e o colectivo ao que cada entidade representa, especialmente no caso de trastornos tan pouco coñecidos pola sociedade como son os do espectro do autismo. A Área de Comunicación e Organización de Autismo



Galicia traballa para promover a visibilidade da entidade e do colectivo a través da colaboración con outras entidades e a presenza en foros e encontros do sector.

Desenvolve os seus propios proxectos e tamén presta apoio para a difusión dos proxectos das outras áreas da Federación e das entidades membro.

Administración e Xestión

Esta área encárgase da xestión económica, financeira, documental e normativa da entidade; baseando o seu traballo nos principios de calidade, transparencia e eficacia comúns a toda a organización. Apoia ás demais áreas no seu traballo diario.

Mantén unha actualización constante da normativa interna de Autismo Galicia e da normativa externa que afecta á entidade como é a laboral, adaptándoa aos obxectivos de cooperación e converxencia asociativa que se perseguen.


Leva conta dos feitos económicos e financeiros da organización, mantén as relación cos provedores e as vías de financiamento da organización e participa na toma de decisións estratéxicas.

Consultores independentes

Para garantir a transparencia, a calidade no traballo e o respecto escrupuloso á normativa legal, Autismo Galicia conta cos servizos de varias empresas independentes: Algalia Sociedade Corporativa, Verdía Asesores, C&M Avogados e Arcade Consultores.

1.2 As entidades que forman a Federación

A Federación está integrada por 10 entidades da Comunidade Autónoma de Galicia, cada unha cos seus centros.



A Coruña:

- *Asociación ASPANAES:*
- *Fundación Autismo Coruña*

Lugo:

- *Asociación Raiolas – Lugo*

Pontevedra:

- *Fundación Menela*
- *Fundación Tutelar Camiño do Miño*
- *Asociación Autismo Vigo*
- *Asociación APACAF*
- *Asociación de Pais do Centro "Os mecos"*
- *Asociación de Pais do Centro de EE Menela*
- *Asociación de Pais do Centro Ocupacional Residencial Castro Navás*

Estas entidades **prestan servicios, integrais e específicos**, dirixidos a persoas con TEA e ás súas familias e traballan en varios aspectos.

Proxectos sociais

- Servizos de Valoración, Diagnóstico e Orientación.
- Servizos de Atención Temperá para nenos e nenas de 0 a 6 anos.
- Atención a Familias: mediante a atención e asesoramento, formación e apoio.
- Voluntariado: fomentando e formando ao voluntariado que coa súa colaboración realicen labores de apoio e integración comunitaria das persoas con TEA.
- Formación: de profesionais ou interesados difundindo o coñecemento sobre os TEA, a intervención e a inclusión social.

Proxecto educativo

- Centros de Educación Especial: centros concertados onde os alumnos con TEA poden ter unha escolarización total ou combinada cos colexios ordinarios.

Proxecto asistencial

- Centros de Día: que prestan atención ás necesidades básicas, terapéuticas e sociais das persoas adultas con TEA e onde se traballan áreas como actividades básicas da vida diaria, da vida no fogar, actividades ocupacionais, comunicación, habilidades sociais...
- Residencias e Vivendas Tuteladas: onde as persoas con TEA desenvolverán a súa vida diaria coas condicións necesarias para unha boa calidade de vida.

Ademais, tanto as entidades como a propia Federación Autismo Galicia desenvolven actividades de ocio e tempo libre e de respiro familiar en beneficio das persoas con trastorno do espectro autista e das súas familias.



2 PROGRAMAS DE ACTIVIDADES

2.1 Programa de información, orientación e asesoramento...	19
2.2 Programa de atención a persoas con TEA e familias.....	20
2.3 Programa de emprego e orientación laboral.....	24
2.4 Programa de formación.....	26
2.5 Programa de voluntariado.....	30
2.6 Programa de investigación e divulgación.....	32
2.7 Programa de comunicación interna: entidades federadas e os seus socios.....	33
2.8 Programa de comunicación externa e sensibilización.....	34




2.1 Programa de información, orientación e asesoramento

Un dos servizos desenvolvidos pola Área de Apoio é o de informar, orientar e asesorar ás persoas que se poñan en contacto coa Federación, ben sexan familias, profesionais ou persoas interesadas.

As persoas que se poñen en contacto con Autismo Galicia son atendidas polo persoal especializado da entidade e, no caso de ser necesario, derivadas aos servizos das entidades. Ademais do público xeral, este programa está pensado para beneficiar especificamente ás persoas que sospeitan atoparse ante un caso de TEA, co obxectivo de axilizar o proceso de diagnóstico e procurar unha intervención rápida.

As consultas son realizadas na súa maioría por nais, pais, mestres e orientadores de centros educativos. Os temas que adoitan tratar estas consultas son problemas de conduta, intervención, diagnóstico e escolarización das persoas con TEA, como se aprecia na Táboa 1.



Táboa 1

Con respecto ao ano pasado, é destacable o aumento nas consultas sobre a escolarización e sobre o diagnóstico de rapaces con TEA.



2.2 Programa de atención a persoas con TEA e familias

Respiro familiar, ocio e tempo libre

O desenvolvemento de programas para persoas con TEA e familias é unha das liñas de acción prioritarias dentro dos plans de acción anuais de Autismo Galicia. Estes programas pretenden complementar ás accións das asociacións e tamén constituír un punto de encontro para que usuarios e familias de distintas asociacións compartan experiencias.

Dentro deste programa, organizáronse durante o ano 2012 diversas accións de ocio e tempo libre para persoas con TEA das entidades da Federación, deseñadas a medida e tendo en conta as características, capacidades e gustos dos participantes e desenvolvidas por profesionais especializados. Nel, inclúense actividades de lecer, deportivas e culturais deseñadas non só como actividades de ocio, senón como continuación da intervención baixo un enfoque máis lúdico.



Os principais obxectivos do programa de atención directa a persoas con TEA son os seguintes:

- Que as persoas con TEA disfruten e participen das actividades propostas
- Potenciar a súas habilidades sociais, creativas, de traballo en equipo e de convivencia
- Implicalos nas tarefas domésticas e potenciar a súa autonomía persoal

- Evitar un retroceso nas súas habilidades no caso de interromper a súa liña terapéutica habitual
- Axudar á conciliación da vida familiar
- Fomentar a inclusión social e o recoñecemento das capacidades das persoas con TEA
- Promover o acceso ao ocio e á cultura



Seguindo esta liña de traballo, Autismo Galicia desenvolve proxectos que promoven a participación activa das familias e presta servizos de apoio que lles proporcionan descanso e tempo para desenvolver a súa vida social e laboral.

As familias que contan con algún membro con TEA teñen, ademais das responsabilidades e necesidades habituais de calquera familia, outras adicionais derivadas da maior atención e apoio que precisan estes membros con TEA. Por este motivo, é fundamental o programa de respiro familiar, que axuda a mellorar a conciliación da vida laboral e familiar e aliviar o nivel de estrés dos membros da familia.

Estas actividades de respiro familiar están orientadas a complementar os servizos que reciben as familias de cada asociación pertencente á Federación.

En todas as actividades de respiro familiar, respéctase unha proporción dun monitor por cada dúas persoas que participan, asegurando así a calidade na atención ás súas necesidades.

Este programa de respiro familiar réxese polos mesmos criterios de atención ás necesidades, intereses e gustos dos participantes ca o Campamento de Verán, pero enfócase cara o descanso dos cuidadores habituais. Os seus obxectivo son os seguintes:

- Apoiar de forma temporal ás familias na súa conciliación entre a vida familiar, laboral e social
- Proporcionar un tempo de descanso aos cuidadores habituais
- Que as persoas con TEA disfruten de saídas e participen en actividades de ocio adaptadas ás súas necesidades
- Continuar e reforzar a aprendizaxe das persoas con TEA
- Potenciar o desenvolvemento integral dos participantes mediante a realización de actividades da vida cotiá

As actividades inscritas dentro do programa de atención a persoas con TEA e familias no ano 2012 foron:

Campamento de Verán

O campamento de verán de Autismo Galicia tivo lugar no Albergue Xuvenil As Sinas en Vilanova de Arousa e dividiuse en dúas quendas segundo a idade dos participantes para adecuar as actividades aos seus intereses. A primeira quenda realizouse do día 1 ao 8 de setembro para nenos e nenas de 4 a 16 anos e a segunda quenda do día 9 ao 15 de setembro para persoas de 17 anos en diante.

22 persoas asistiron en total aos campamentos de verán, 11 rapaces e 11 adultos.

11 monitores/coidadores con formación especializada en TEA asistiron en cada quenda, mantendo unha proporción de un monitor por cada participante, o que asegurou unha atención individualizada e especializada para os beneficiarios dos campamentos.

As actividades realizadas durante os campamentos están adaptadas aos gustos e intereses dos participantes, respectando a súa individualidade e favorecendo, a través do ocio, a mellora das súas capacidades e a inclusión social.

As principais actividades realizadas neste ano foron:

- Obradoiro de cociña
- Obradoiro de manualidades
- Visitas culturais
- Merenda ao aire libre
- Tarde no parque biosaudable
- Tarde no parque de bolas e inchables
- Xogos de pistas
- Xogos tradicionais
- Obradoiro de disfraces para a festa de despedida



Saídas de fin de semana

Realizáronse saídas nos meses de xullo e agosto e, en cada mes, houbo dúas quendas de venres a domingo. En total, 4 fins de semana adicando dous deles aos rapaces entre 4 e 16 anos e dous a persoas de 17 anos en diante.

Nas quendas de xullo, foron ás saídas de fin de semana 12 persoas e en agosto, foron 10 persoas. En total, 66 persoas* puideron beneficiarse dos fins de semana de respiro familiar.

Para favorecer o contacto coa natureza e as actividade ao aire libre os respiros de fin de semana realizáronse no Albergue de Ecoturismo Rural Alvarella, Vilarmador (A Coruña) no mes de xullo e en agosto no camping Os Fieitais en O Grove (Pontevedra).

* Contando 3 persoas por unidade familiar

As actividades propostas polos monitores para as saídas de fin de semana centráronse en actividades lúdicas e culturais, gozar da natureza e actividades ao aire libre e realizar algunhas actividades relacionadas coa vida cotiá para afianzar a aprendizaxe:

- Visita ao Mosteiro de Monfero
- Visita ao Parque Natural de Barosa
- Tarde na carballeira
- Excursión pola Illa da Toxa
- Cafetería e terraza
- Día de praia
- Xogos na piscina
- Obradoiro de cociña
- Obradoiro de manualidades



Semana de equinoterapia

Ademais das fins de semana, Autismo Galicia organizou estancias de 5 días nas que, ademais de servir de descanso aos cuidadores, se proporcionaron terapias alternativas aos participantes e novas experiencias enriquecedoras.

Ante a boa acollida deste programa, este ano leváronse a cabo dúas quendas: en febreiro e en outubro, ás que asistiron en total 21 persoas con TEA maiores de 16 anos. En total, 63 persoas* se beneficiaron directamente desta actividade de respiro familiar.

Estas estancias leváronse a cabo nas instalacións da Fundación Carriegos, en León, e baséanse nos efectos positivos que o contacto con animais ten para as persoas con algún tipo de discapacidade. Ademais, realízanse outras moitas actividades de lecer:

- Obradoiro de veterinaria
- Paseo a cabalo
- Visita á cidade de León
- Obradoiro de cociña
- Obradoiro de disfraces
- Festa de Halloween (só na quenda de outubro)

En total, 65 persoas con autismo asistiron ás actividades de ocio e respiro familiar.

* Ídem.

2.3 Programa de emprego e orientación laboral

Este programa é a razón de ser da Área de Emprego e Formación, un traballo constante pola integración laboral das persoas con TEA como vía de plena inclusión social.

Actividades de información, orientación e busca de emprego

Dunha banda, desenvólvense actividades de información, orientación e busca de emprego para persoas en situación de desemprego derivadas desde o Servicio Público de Emprego. As persoas entrevistadas reciben información e axuda para se inscribir como demandantes de emprego, elaborar o seu curriculum vitae e orientar a súa busca de emprego tendo en conta os seus intereses e habilidades persoais.

No ano 2012, o servizo de orientación laboral de Autismo Galicia mudou para converterse nun Centro Especial de Orientación para Persoas con Discapacidade Intelectual. De este xeito, preténdese ofertar un servizo mais especializado e de maior calidade para un colectivo que ten especiais dificultades á hora de atopar un posto de traballo.



Emprego con apoio e inserción na empresa ordinaria

Tamén se realiza desde Autismo Galicia un traballo de **prospección de empresas** co obxectivo de informar ás empresarios das posibilidades de contratar a un traballador con discapacidade e os beneficios fiscais, económicos, éticos e de valor engadido que esta contratación tería para a empresa.

O obxectivo ao que se encamiña todo este proceso, como non pode ser de outra forma, é a contratación de traballadores con discapacidade por parte de empresas ordinarias.



Durante o ano 2012 contactáronse a 30 empresas de distintos sectores e logrouse a firma dun convenio coa empresa Embalajes Armando S.L. (Embarbox). Desta forma, **5 persoas con TEA do Centro Castro Navás, en Nigrán, traballan con Embalajes Armando** na montaxe de tapas transparentes para as caixas de mariscos e moluscos. Este convenio é a materialización dun desexo común de integración no mundo laboral por parte da Federación Autismo Galicia, a Fundación Menela e a empresa Embalajes Armando.



Os propios traballadores encárganse de recoller os materiais, elaborar o produto e despois entregalo á empresa. Coa adquisición e desenvolvemento destas competencias profesionais, os participantes deste programa potencian a súa autonomía e realización persoal, mellorando a súa calidade de vida e a súa empregabilidade no futuro.

Formación en habilidades sociolaborais

Co obxectivo de mellorar as súas posibilidades de integración laboral, a Área de Emprego de Autismo Galicia desenvolveu un DVD interactivo para axudar ás persoas con autismo a adquirir hábitos sociolaborais de cara a un futuro posto de traballo.

Esta ferramenta pretende ofertar recursos para a aprendizaxe de rutinas e compromisos que implica ter un traballo. Recolle as áreas de autonomía persoal, autocontrol, hixiene e imaxe persoal, habilidades sociais e responsabilidades no posto de traballo; e en cada unha delas conta con explicacións e vídeos instructivos.

Editáronse 100 copias do DVD para as entidades federadas e profesionais adicados ao emprego de persoas con TEA.



2.4 Programa de formación

Outro dos piares básicos na Federación Autismo Galicia é a formación nos trastornos do espectro do autismo para distintos públicos: familiares, profesionais e persoas interesadas neste colectivo, así como para os propios traballadores da Federación e das entidades. Os obxectivos deste programa de formación son:

- Potenciar a formación continua dos distintos profesionais que tratan a persoas con autismo
- Formar e apoiar ás familias para mellorar as relacións no núcleo familiar
- Sensibilizar á sociedade e dar a coñecer as súas características e necesidades



Acordo de formación e sensibilización co Servicio Galego de Saúde

Tratouse dun plan integral de formación e sensibilización sobre os TEA dirixido a diferentes públicos e cuxo obxectivo principal foi ofrecer pautas de actuación e intervención coas persoas con TEA, dende a perspectiva do coidado, mellora e prevención de riscos na saúde, así como o apoio a adquisición de hábitos de vida saudables.

Dunha banda, realizáronse cursos adicados a **profesionais** das entidades da Federación, principalmente coidadores e persoal de atención directa, así como a profesionais do eido sanitario e familias.

Promoción e prevención de riscos na saúde da persoa con TEA. Aplicacións prácticas

Este curso estivo dirixido, por un lado a profesionais dos centros das entidades e asociacións, principalmente coidadores de residencias e centros de día e por outro a familias. Nel abordouse a atención adicional que poden requirir as persoas con TEA e cómo se lles debe prestar. A formación tivo lugar nos concellos de Vigo para profesionais e familias, Ferrol e Santiago de Compostela para profesionais, cun total de 76 asistentes.

Contención mecánica no ámbito sanitario

Este curso estivo dirixido a profesionais das entidades pertencentes á Federación e persoal dos centros de saúde cos que traballan a cotío estas entidades. O obxectivo da formación foi darlles pautas para conter ás persoas

con TEA en situacións de crise ou agresividade sen que supoñan un risco para o paciente ou para o profesional. Desenvolveuse en Vigo e asistiron 17 persoas.

Elaboración de materiais para a adquisición de hábitos de vida saudables

O obxectivo foi establecer canles e métodos de comunicación axeitados entre a persoa con TEA e os seus familiares para unha mellora planificación e hábitos de vida mais saudables. O curso levouse a cabo en Ferrol, Santiago de Compostela e A Coruña cun total de 61 alumnos.

Xornada de abordaxe da sexualidade na persoa con TEA: anticipación, preparación e prevención

A formación estivo destinada a orientar ás familias sobre as posibilidades de intervención no que se refire á sexualidade do seu familiar con TEA, identificar as condutas de risco e mellorar a relación cos profesionais sanitarios deste eido. A xornada tivo lugar en Lugo e a ela asistiron 15 persoas.

Destes 5 cursos realizado por este acordo co SERGAS, beneficiáronse un total de 169 persoas, dos que 73 foron profesionais e 96 foron familiares de persoas con TEA.



Curso de monitor de ocio e tempo para persoas con TEA

Tamén nas instalacións da Federación, desenvolveuse a sexta edición do Curso de Monitor de ocio e tempo libre para persoas con TEA, no que se trataron temas como a pedagogía do ocio e o tempo libre ou técnicas de dinamización e participación. Os 10 alumnos seleccionados tiveron 75 horas de formación teórica na aula, que completaron con outras 75 horas de formación práctica nos campamentos de verán que organiza a Área de Apoio ao Colectivo de Autismo Galicia.



Cursos AFD

Autismo Galicia tomou parte como en anos anteriores do programa público de Accións Formativas para Desempregados, tamén coñecidas como AFD. Neste programa, a Federación desenvolve anualmente cursos que axuden ás persoas que os realices a atopar un traballo e ao mesmo tempo que formen profesionais capacitados para o traballo con persoas con TEA ou outras discapacidades.

Curso de preparador laboral especialista en TEA e outras discapacidades

Este curso de 218 horas, desenvolveuse entre setembro e novembro na aula da Federación e nel participaron 15 persoas. Os alumnos puideron aprender as habilidades e competencias dun preparador laboral, a lexislación pola que se rexe o seu traballo, así como as especificidades de prestar este servizo a persoas con discapacidade.

Formación interna

Ademais de organizar cursos para outros, Autismo Galicia aposta pola formación continua dos seus traballadores e dos das entidades federadas.

Formación en novas tecnoloxías

De cara a mellorar as competencias nas novas tecnoloxías dos técnicos das entidades que forman parte de Autismo Galicia, desenvolvéronse xornadas de formación interna en varias entidades. Con esta acción preténdese potenciar o

traballo en rede entre as distintas entidades federadas, compartindo a información e recursos.



Esta formación impartíuse a un total de 12 persoas na Asociación Raiolas en Lugo, na Asociación ASPANAES en A Coruña, na Asociación APACAF en A Estrada e na Fundación Menela en Vigo.

Ao longo do ano 2012, o persoal da Federación asistiu ademais a formación sobre diversos temas:

- Intervención en Autismo
- Protección Xurídica e Discapacidade
- Comunicación e Xestión de Marca nas ONG
- Tecnoloxía e Autismo
- Deseño de Proxectos de Acción Voluntaria
- Elaboración de Materiais Adaptados para Escolares con Autismo

2.5 Programa de voluntariado

Dentro do terceiro sector, a acción voluntaria constitúe un pilar básico no desenvolvemento das accións das entidades sociais. Permite crear espazos de contacto e colaboración, neste caso, entre persoas que teñen TEA e persoas que non.

Ademais de contribuír ao cambio social, o voluntariado representa unha achega de esforzo e traballo esencial na consecución dos obxectivos dunha entidade sen ánimo de lucro.

Autismo Galicia participa do III Plan de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia, establecido de 2011 a 2014 para promover a participación cidadá solidaria e altruísta, así como no programa de Voluntariado Dixital, tamén posto en marcha pola Xunta de Galicia, e que ten como obxectivo achegar as novas tecnoloxías a aqueles sectores que teñen mais dificultade para acceder a elas.

Dentro do seu programa de voluntariado, a Federación desenvolveu as seguintes accións:

Divulgación do voluntariado especializado en TEA



A través de varias canles, Autismo Galicia promove o voluntariado con persoas con TEA e informa sobre o valor social desta actividade.

Ao longo do ano 2012, a Federación estivo presente con stands e mesas informativas en distintos congresos, xornadas e outros encontros; como foi o caso de Expo Ordes ou do Día Mundial do Autismo, onde se aproveitou para divulgar o voluntariado.

Formación do voluntariado

Autismo Galicia organizou tres foros de debate nos que se abordou a necesidade do voluntariado nas entidades adicadas aos TEA e se actualizaron os coñecementos dos asistentes sobre a intervención con persoas con TEA.

En total, 15 persoas voluntarias participaron nos foros de debate.

Integración nas actividades da Federación

3 persoas voluntarias tomaron parte no Curso de Monitor de Ocio e Tempo Libre Especialista en TEA que organiza Autismo Galicia e completaron a súa formación asistindo ás viaxes de ocio e respiro familiar desenvolvidas nos meses de xullo e agosto.

Así mesmo, outros voluntarios participaron nas actividades de información e promoción do voluntariado con persoas con TEA en Galicia.

Ademais, Autismo Galicia dispón na súa web dunha área denominada "Faite voluntario" onde as persoas interesadas poden inscribirse e pasan a formar parte da bolsa de voluntarios da Federación e deriva ás persoas interesadas en realizar accións de voluntariado ás distintas entidades.



2.6 Programa de investigación e divulgación

O incremento na incidencia dos TEA é unha realidade que se constata a nivel internacional, chegando a falarse dunha prevalenza de 1 caso por cada 150 menores de 8 anos. Esta realidade vese tamén reflectida na sociedade galega, o número de solicitudes de diagnóstico e avaliacións é cada vez maior, alcanzando unha media de 112 casos diagnosticados ao ano nas dúas entidades da Federación que ofrecen este servizo. Por outro lado, o número de demandas de familias e profesionais que chegan, tanto ás entidades como á propia federación, é cada vez maior.

Este incremento na incidencia dos TEA abre moitas posibilidades de intervención derivadas das necesidades que se formulan; posibilidades que son obxecto de estudo por parte da Federación Autismo Galicia, dende a perspectiva que nos proporciona a realidade que vivimos e a experiencia das nosas asociacións.

Un dos principais traballos desenvoltos no ano 2012 foi o estudo preliminar sobre a prevalenza dos TEA en Galicia, que servirá de base documental para o desenvolvemento de proxectos e mellora de propostas de intervención co colectivo, tanto por parte da Federación como das entidades, así como da Administración Pública, cuxo apoio é fundamental para o desenvolvemento dunha axeitada carteira de servizos.



Este estudo desenvolveuse mediante a realización de enquisas aos traballadores sociais dos concellos de toda Galicia, equipos de orientación de centros educativos, unidades de atención temperá e centros de saúde, un total de 1.771 contactos, dos que se obtivo resposta de 1.490 organismos.

2.7 Programa de comunicación interna e para familias

A comunicación interna é unha necesidade dentro de todo tipo de organizacións, mais incluso cando se trata dunha federación que agrupa varias entidades. Este tipo de comunicación ten dous obxectivos principais:

- Manter informadas ás entidades e ás familias das actividades da Federación
- Mellorar a comunicación entre a Federación e as entidades que a forman, logrando unha comunicación sostida e bidireccional

Para lograr estes obxectivos, Autismo Galicia ampliou as súas ferramentas con respecto ao ano 2011.

No caso do **Flash Info TEA**, información que se fai chegar ás sedes e centros das entidades federadas, considerouse que a información que recolle podía ser interesante tamén para as familias, de forma que neste ano 2012, ofertouse a posibilidade ás familias de se inscribir para recibir o Flash Info TEA por correo electrónico. Así, aumentamos a distribución directa desta publicación un 33%, á que hai que sumar a distribución que despois consideren oportuna as entidades que a reciben.



CG
autismo GALICIA

5 de outubro de 2012

flash INFO TEA *Flash informativo da Federación Autismo Galicia*

Curso de preparador laboral en Autismo Galicia

Dende o 20 de setembro vense desenvolvendo na aula da Federación Autismo Galicia un curso de preparador laboral especializado en TEA e outras discapacidadeas orientado a persoas en situación de desemprego con ou sen formación previa neste ámbito.

Neste programa formativo, 15 alumnos aprenden as funcións dun preparador laboral así como as particularidades de realizar este traballo con persoas con discapacidade, especialmente con TEA. Os módulos deste curso abarcan desde a lexislación que afecta ás preparacións laborais até as habilidades comunicativas que fan lei para a realización dun traballo deste tipo.

Este curso, que rematará o 22 de novembro, conta con 218 horas de formación teórica e está financiado pola Fondo Social Europea e a Consellería de Traballo e Servizos de Dirección Xeral de Formación e Calificación.

Comunicación Autismo Galicia
www.autismogalicia.org
comunicacion@autismogalicia.org
[facebook.com/autismogalicia](https://www.facebook.com/autismogalicia)



autismo GALICIA

novas entrevista
ocio e tempo libre
formación
voluntariado e iniciativas
membros da FAG
publicacións
emplego

De cara a aumentar o coñecemento que as familias pertencentes a cada asociación poden ter da Federación, a Área de Comunicación elaborou unha **publicación adicada totalmente ás familias** que será distribuída no primeiro trimestre de 2013 e que recolle todas as informacións relevantes sobre a actividade de Autismo Galicia en 2012. Esta publicación terá unha tirada de 700 exemplares e distribuirase aos centros das entidades para que as poñan a disposición das familias usuarias.

2.8 Programa de comunicación externa e sensibilización

Tamén é fundamental para unha entidade social comunicar as súas accións a un público amplo, mais aló dos seus usuarios. Por iso, a Área de Comunicación traballa constantemente para facer chegar a súa actividade a todas aquelas persoas que poidan estar interesadas, ben porque teñen un familiar con autismo, ben porque son profesionais docentes ou sanitarios ou ben porque teñen interese neste colectivo. As accións de comunicación externa responden a distintos fins:

- Dar a coñecer a Federación Autismo Galicia, as entidades que a compoñen e as actividades que desenvolven
- Sensibilizar á sociedade sobre os TEA e as súas necesidades específicas
- Promover a información realista, positiva e fiable sobre os TEA e o trato digno nos medios de comunicación
- Facilitar o contacto coa entidade para calquera persoa que teña interese nela

Colaboración con medios de comunicación

A Área de Comunicación atende as peticións de xornalistas que se interesan pola Federación ou polos trastornos do espectro do autismo, dando información, asistindo e completando o seu labor. Así mesmo, achega información sobre accións e acontecementos de relevancia aos medios que poidan estar interesados. Realizou colaboracións con medios como Radio Galega, Televisión de Galicia, El Correo Gallego ou a revista Tempos.



Comunicación en liña

En consonancia coa súa estratexia de incorporación de novas tecnoloxías, a Federación modernizou o seu **sitio web www.autismogalicia.org**, estreando esta nova páxina con mais contidos e un deseño mais funcional e atractivo. Nesta nova páxina pódense atopar noticias sobre a Federación e sobre os temas que atanguen aos TEA, información sobre as entidades e publicacións realizadas pola propia Federación entre outras cousas.

Agora pódense consultar en liña o Manual do Preparador Laboral, a Guía Empregamos, o folleto Protocolo Sanitario e outras publicacións, ademais dos números da revista *Maremagnum*, dixitalizados case desde o seu inicio.

A web, que ven rexistrando unha media de 874 visitas mensuais, mostra a súa páxina principal en formato de blog, o que fai que as novas sexan a parte que mais visitantes recibe. Tamén son contidos moi populares entre os usuarios os diferentes números da revista *Maremagnum* e os datos das distintas entidades que conforman a Federación.



Tamén neste ano, a Federación Autismo Galicia aterrou nas redes sociais abrindo un **perfil en Facebook**, que serve de plataforma para a distribución de información e para o constante contacto con outras organizacións, familias e interesados nos TEA.

Aproveitando a organización nodal da Confederación Autismo España, Autismo Galicia colabora regularmente no **portal de noticias da Confederación e no boletín Infoautismo** como nodo principal dentro da Comunidade Autónoma.

Para completar a súa presenza na rede, Autismo Galicia participa en Compostela Integra cun espazo propio dentro do **Portal das Asociacións**, un lugar de encontro virtual para o sector social creado polo Concello de Santiago.

Esta plataforma permite un contacto mais directo entre entidades, que poden poñerse en contacto de forma sinxela e rápida para intercambiar información que contribúa á mellora nos servizos. Dentro de Compostela Integra pódense atopar tamén unha axenda coas iniciativas que as diferentes entidades están a desenvolver en Santiago e todo tipo de noticias relacionadas co sector social.

Esta nova ferramenta de traballo permitirá ás asociacións ter mais visibilidade e colaborar entre elas utilizando as novas tecnoloxías. No Portal das Asociacións, os usuarios tamén poden consultar un perfil de Autismo Galicia e poñerse en contacto coa entidade.

Maremagnum

Como cada ano, Autismo Galicia ven editando un novo número de *Maremagnum*, a única publicación galega adicada aos trastornos do espectro do autismo, no que importantes persoeiros culturais e relacionados cos TEA colaboran con artigos enfocados a un aspecto concreto relacionado co autismo, e que conta cunha tirada de 500 exemplares ademais da súa distribución el liña.

Neste número 16, titulado *Psiquiatría infantil e nenos salvaxes*, os artigos centráronse na perspectiva histórica da psiquiatría infantil e o papel da muller na literatura galega:

- *De qué falamos cando falamos da infancia en psicopatoloxía. O neno como suxeito:* Federico Fernández Osorio. Psiquiatra da Unidade Mental Infantil do Hospital Materno Infantil C.S. da Coruña.
- *O neno salvaxe:* Jean Garrabé. Psiquiatra Xefe dos Servizos dos Hospitais de París.
- *A problemática educativa dos nenos selváticos: o caso de Marcos:* Gabriel Janer Manila. Catedrático de antropoloxía da Educación na Universitat de les Illes Balears
- *O caso Víctor de Aveyron e os nenos salvaxes:* Jaume Martínez Mas, Psiquiatra Adxunto na Unidade Terapéutica de Psiquiatría Penitenciaria Xuvenil de Tillers (Sant Joan de Deu, Mollet del Vallés, Barcelona), e Leticia Gómez Conde, Médico Residente na Unidade de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.
- *Entre a pedagogía e a psicopatoloxía:* María Belén Martínez Alonso, Psiquiatra na Unidade de Saúde Mental Infanto Xuvenil do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, e Leticia Gómez Conde, Médico Residente na Unidade de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.
- *Nacemento da Psiquiatría Infantil:* Cipriano Luis Jiménez Casas. Psiquiatra, Vicepresidente da Federación Autismo Galicia e director Xeral da Fundación Menela.
- *O Ceo desde a Terra na obra de Rosalía de Castro:* María Pilar García Negro. Escritora e Profesora Titular da Universidade da Coruña.
- *Mulleres, loucura, escrita:* Marilar Aleixandre. Catedrática da Universidade de Santiago de Compostela.



Información e divulgación

Un dos maiores problemas cos que se atopan as persoas con TEA é o receo da sociedade, unha sociedade que descoñece este tipo de trastornos e os asocia continuamente a mitos. En ocasións, incluso profesionais docentes ou sanitarios teñen dificultades para recoñecer un caso de autismo e achacan o comportamento da persoa con TEA a outros factores.

Para reducir na medida do posible esta confusión, Autismo Galicia desenvolve accións de sensibilización que axuden á sociedade a comprender os TEA e coñecer as necesidades que teñen estas persoas e tamén as súas fortalezas. En moitas ocasións, estas accións son coordinadas a nivel estatal con Autismo España, como a Rede de Sensibilización sobre os TEA, ou con outras entidades

relacionadas coa discapacidade como o CERMI, ao que apoiou na convocatoria da marcha polos dereitos das persoas con discapacidade o pasado 2 de decembro en Madrid.

Autismo Galicia tamén estivo presente en diversos congresos, presentacións e puntos de encontro co obxectivo de informar aos asistentes sobre os trastornos do espectro do autismo e compartir experiencias e información con outras entidades:

- Congreso Anual da Sociedade de Pediatría de Galicia
- Xornadas "A Discapacidade hoxe" e Expo Ordes
- Presentación do Anuario do Terceiro Sector da Acción Social en España
- Foros Galegos da Solidariedade
- Congreso NOSoutros da Universidade de Santiago de Compostela



A Área de Comunicación está tamén **a disposición das entidades para axudalas a comunicar** aquelas actividades que consideren de maior relevancia. Por exemplo, para dar mais relevancia ás accións que levaron a cabo as distintas entidades con motivo do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo, o Concerto Solidario Anual ou a Xornada de Actividades Deportivas de ASPANAES ou a visita do Valedor do Pobo a un centro desta mesma entidade.

Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo

Como cada ano desde 2008, o 2 de abril vense adicando en todo o mundo á concienciación sobre os trastornos do espectro do autismo, segundo se acordou nas Nacións Unidas. Entidades de todo o mundo aproveitan esta conmemoración para por de relevo a necesidade de defender os dereitos deste colectivo. Neste último ano, incidíuse especialmente no diagnóstico temperán e nos indicadores mais comúns para a detección.


Sendo o día grande para as entidades adicadas a estes trastornos, en Autismo Galicia empréndense accións de sensibilización e información para a sociedade.

Camapaña “El autismo te habla, sigue las señales”

Nunha acción coordinada a nivel estatal pola Confederación Autismo España, desenvolveuse unha campaña de sensibilización adicada á detección precoz do autismo baixo o lema “El autismo te habla, sigue las señales”. Na comunidade autónoma, foi a Área de Comunicación de Autismo Galicia a encargada de despregar esta campaña nos medios de comunicación.

Ademais de se distribuir en trípticos, o spot emitíuse en distintas canles de televisión a nivel autonómico e comarcal:

- El correo TV
- Localia Vigo
- Televigo
- Canal Rías Baixas
- Telelugo
- Telemiño



Apoio ao manifesto da OMA

A Federación prestou o seu apoio difundindo e adheríndose ao manifesto da Organización Mundial do Autismo para o 2 de abril. Neste comunicado, a OMA denunciou as carencias existentes nos servizos de apoio ás persoas con autismo, tanto nos países desenvolvidos coma nos menos favorecidos. Tamén aludiu á responsabilidade de informar a toda a sociedade para crear unha conciencia común que promova a comprensión das necesidades destas persoas e a implementación de políticas para cubrilas.

Lotería da ONCE en favor do autismo

O 19 de marzo puxéronse á venda cinco millóns de billetes de lotería conmemorativos do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo para o sorteo do sábado 24 de marzo.

O Delegado Territorial da ONCE en Galicia Manuel Martínez fixo entrega dunha reprodución enmarcada do billete ao Vicepresidente de Autismo Galicia Cipriano Jiménez nun acto ao que tamén acudiron representantes de diferentes entidades da Federación.



As entidades que forman Autismo Galicia tamén celebraron este día con diversas iniciativas como xornadas deportivas e de portas abertas nos centros ou concertos na Asociación ASPANAES, exposicións de arte como a da Fundación Menela e iluminando e decorando edificios de cor azul como fixeron tamén na Fundación Menela e desde a Asociación Raiolas. Outras entidades repartiron globos e lazos simbolizando o autismo como forma de sensibilización.

3 RELACIONES INSTITUCIONALES E PARTICIPACIÓN EN REDES

3.1 Administraciones Públicas.....	41
3.2 Confederación Autismo España.....	41
3.3 Autismo Europa.....	42
3.4 CERMI Galicia.....	42
3.5 EAPN Galicia.....	43



Como representante das principais entidades adicadas ao autismo presentes en Galicia, a Federación participa na representación institucional das persoas con trastorno do espectro do autismo como colectivo social; defendendo os seus intereses e reivindicando melloras para a súa vida.

O Presidente Antonio de la Iglesia e o Vicepresidente Cipriano Jiménez representan á Federación e ao colectivo de persoas con TEA en Galicia en diversos actos e reunións:

- Xornada de Boas Prácticas en Tecnoloxía para a Inclusión Social
- Xornadas "A Discapacidade hoxe" e Expo Ordes
- Presentación do Programa de Voluntariado Dixital da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica
- Presentación do proxecto para o diagnóstico xenético de nenos e adolescentes con autismo, deficit de atención e hiperactividade e transtorno obsesivo compulsivo, levado a cabo pola Fundación María José Jove e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica
- Presentación da "Memoria SERGAS: 20 anos de camiño".

3.1 Administracións Públicas

Autismo Galicia mantén unha comunicación constante con distintos niveis da Administración Pública, especialmente coa Consellería de Sanidade, a Consellería de Traballo e Benestar e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Federación representa os intereses das persoas con TEA e das entidades adicadas a elas perante estes organismos e colabora con eles na consecución de accións e políticas beneficiosas para o colectivo.

Ao ter a súa sé social en Santiago de Compostela, Autismo Galicia colabora tamén co concello compostelán a través da súa Concellaría de Benestar Social; como é o caso do proxecto Compostela Integra.

3.2 Confederación Autismo España

Autismo Galicia, como organización que agrupa as entidades sociais adicadas aos TEA na Comunidade Autónoma, asume un importante papel na rede nodal da Confederación Autismo España. Está presente na toma de decisións e na elaboración de documentos estratéxicos e técnicos da Confederación como é o plan de acción anual.

Ademais, Autismo Galicia, coma as outras entidades da rede nodal, contribúe activamente nas campañas de comunicación e sensibilización desenvoltas pola Confederación a nivel estatal, como foi a campaña “El autismo te habla, sigue las señales” levada a cabo este ano.

Tamén desenvolveron un traballo coordinado para a representación dos TEA na gran marcha organizada polo CERMI en Madrid o 2 de decembro de 2012.

3.3 Autismo Europa

Autismo Galicia apoiou a esta organización que aglutina as entidades adicadas aos TEA de todo o continente na súa campaña polo Día Europeo do Autismo, celebrado o 5 de outubro.

Este ano, a celebración deste día estivo adicada ás persoas con autismo de maior idade, xa que se enfrontan a un futuro moi incerto ao ser a primeira xeración diagnosticada de TEA que está a chegar á terceira idade. A Federación apoiou a Autismo Europa uníndose ao seu manifesto e desenvolvendo unha campaña de sensibilización na web e nas redes sociais.

3.4 CERMI Galicia

A Federación colabora estreitamente co Comité de Representantes das Persoas con Discapacidade de Galicia en distintas áreas, principalmente orientadas á representación institucional e á defensa de dereitos de persoas con discapacidade.

A acción mais significativa do ano dentro desta estrutura de entidades da discapacidade foi a marcha organizada o día 2 de decembro en Madrid, na que Autismo Galicia participou activamente co CERMI e coa Confederación Autismo España, informando sobre o acontecemento e promovendo a súa asistencia.

A finais de 2012 Autismo Galicia asumiu a representación do CERMI Galicia perante o CERMI Estatal na comisión de Turismo e Ocio Inclusivos. Desta forma, o Presidente da Federación exercerá como representante do CERMI Galicia neste órgano técnico adicado á mellorar e ampliar a oferta de ocio e turismo para as persoas con discapacidade.

O CERMI Galicia veu realizando durante este ano unha serie de reunións técnicas coas súas entidades membro para elaborar o informe anual de seguemento relativo ao ano 2011 do **Plan de Acción Integral para Persoas con Discapacidade en Galicia 2010-2013**.

Autismo Galicia estivo a participar nas comisións de seguemento de cinco das dez áreas en que se divide o Plan:

- educación
- formación e emprego
- recursos no ámbito dos servizos sociais
- atención temperá e cultura
- deporte e tempo de lecer

Este plan, no que participan entidades sociais e gubernamentais, pretende unificar criterios e tomar medidas políticas para os mais de 230.000 galegos e galegas con discapacidade.

Pola súa parte, a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Secretaria Xeral de Política Social, elaborou dunha **Estratexia de Prevención e Detección Precoz da Dependencia en Galicia 2012-2020**, na que contou coas achegas CERMI Galicia e das entidades que o compoñen.

Autismo Galicia, como membro do grupo técnico da discapacidade, participa na elaboración desta estratexia que contempla 6 áreas de actuación:

- educación e concienciación da cidadanía
- contribución ao aumento da esperanza de vida libre de dependencia
- mellora do diagnóstico e da calidade de vida das persoas con dependencia moderada
- apoio ás familias e estímulo da participación cidadá
- innovación para ampliar a vida saudable e autónoma das persoas
- reforzo e mellora continua dos recursos dedicados á prevención da dependencia

Ademais, a Federación colabora regularmente nas revisións legislativas e alegacións que o CERMI presenta a novas leis para defender os dereitos das persoas con discapacidade, nun traballo conxunto con outras moitas entidades do terceiro sector.

3.5 EAPN Galicia

Esta rede galega de loita contra a pobreza e a exclusión social agrupa a distintas entidades do terceiro sector dentro de Galicia e ten como obxectivo a loita contra a exclusión social a través da participación e a reivindicación de dereitos e políticas de inclusión.

Autismo Galicia participou durante este ano 2012 nos grupos de traballo onde se definiu a estratexia que seguirá a EAPN no período 2013-2015. Como entidade representativa dos intereses das persoas con TEA, Autismo Galicia está presente na definición de obxectivos e estratexias que axuden á inclusión social deste colectivo e así evitar unha posible situación de pobreza.

Campaña X Solidaria


De novo levouse a cabo o programa de financiamento a través da X Solidaria, iniciativa na que se atopan a maioría de entidades do terceiro sector en España co obxectivo de aumentar a recadación para fins sociais na declaración da renda das persoas físicas.

A campaña anima ás persoas a marcar o recadro de "fins sociais" na súa declaración da renda, especificando que queren que se destine o 0,7% da súa contribución a fins sociais. Unha vez recollidas todas as contribucións, estas aportacións repártense entre as entidades sociais.





4 A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA EN CIFRAS

4.1 Memoria de Recursos Humanos.....	47
4.2 Memoria Económica.....	48



4.1 Memoria de Recursos Humanos



4.2 Memoria Económica

Orixe dos fondos:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Convenio de Atención a Familias e Persoas con TEA	→	34.100 €
Convenio de Mantemento e Actividades da Federación	→	76.260 €
Actividades de Voluntariado	→	1.067,61 €
Curso de Formación para o Emprego: Preparador Laboral Especialista en TEA	→	24.294,09 €
Programas de Cooperación	→	17.667 €
Axentes de Emprego	→	52.661,92 €
Servizo Galego de Colocación: Información, orientación e busca de emprego	→	15.334,10 €



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Convenio para desenvolvemento de actividades de información e sensibilización no entorno sanitario



12.150 €



Servicios de respiro: apoio ás familias das persoas con TEA



7.600 €



Servicios de respiro: apoio ás familias das persoas con TEA



11.878,05 €



DVD de habilidades sociolaborais para persoas con TEA



6.000 €





Campaña de sensibilización




4.500 €


Distribución dos ingresos:




INGRESOS DA ENTIDADE POR ACTIVIDADE PROPIA



Distribución dos gastos:



DISTRIBUCIÓN DOS GASTOS POR PROGRAMAS



Rúa Home Santo de Bonaval, 74
Rúa Rodríguez de Viguri, 35
15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365 F. 981 589 344

info@autismogalicia.org
www.autismogalicia.org

